



RESUMO DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2009

Ás 12.30 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no [anexo I](#).

Propostas de grao para o curso académico 2010-2011

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen dá conta das propostas de grao para o curso académico 2010-2011, que figuran no [anexo II](#). Trátase das propostas de Grao en Arquitectura, da Escola Técnica Superior de Arquitectura, e dos graos en Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo e Enxeñaría Mariña, da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas. Logo de lle agradecer aos centros e ás persoas implicadas o traballo realizado con esforzo e constancia, a Sra. Vicerreitora dálles conta aos membros do Consello de Goberno do proceso de elaboración destas propostas de grao.

En relación coa proposta do Grao en Arquitectura, a Sra. Vicerreitora informa das alegacións recibidas do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, sobre un maior recoñecemento por prácticas e número de horas presenciais, dun docente, sobre a necesidade de incluír materias e competencias de Psicoloxía Ambiental, e do Departamento de Filoloxía Inglesa, sobre a necesidade de incorporar materias de Inglés Técnico.

Logo dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Casabella López quen se interesa polo impacto que poidan ter no futuro sobre esta titulación os cambios nas normas reguladoras da profesión, apróbase por asentimento a proposta de Grao en Arquitectura da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas.

E a respecto das propostas dos graos da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas, que son transformación das catro titulacións actualmente existentes Diplomado e Licenciado en Máquinas Navais e Diplomado en Navegación Marítima e Licenciado en Náutica e Transporte Marítimo, a Sra. Vicerreitora remítese ás copias das alegacións que foron



entregadas aos membros do Consello de Goberno, sen prexuízo de sinalar que a proposta de grao en Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo foi obxecto de alegacións pola denominación e a proposta de Grao en Enxeñaría Mariña foi tamén obxecto de alegacións pola súa denominación en que se solicitaba que se eliminen varias competencias que aparecen nos graos, coincidindo coa do colexio de Enxeñeiros Navais, que tamén fai a mesma alegación.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participa o Sr. González López quen, desde o maior respecto á Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas, desexa amosar a súa desconformidade coas dúas propostas de grao citadas, na medida en que entende que deben ter outra denominación e tamén outras competencias. A respecto da súa denominación, afirma que non é a máis axeitada tendo en conta que non se axusta ao Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e que pode inducir a certa confusión sobre os seus contidos en relación cos graos da enxeñaría naval que igualmente oferta a Universidade da Coruña. E a respecto das competencias, afirma que as que figuran na proposta son competencias específicas, nunca profesionais, pois son moi similares ás reguladas legalmente para o ámbito das enxeñarías navais e ás que están contidas nas propostas de graos de enxeñaría naval. Remata a súa intervención sinalando que hai que ser rigorosos, porque o profesional da mariña mercante non é enxeñeiro, e evitar confusións ao estudantado e os problemas legais de difícil resolución que isto pode suscitar no futuro.

En resposta, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións sinalalle, a respecto da denominación, que se trata dun tema que foi moi debatido na Comisión do Plano de Estudos e tamén que esta denominación foi aprobada no seu día pola Comisión do Plano de Estudos, polo Consello de Goberno, polo Consello Social e polo Consello Galego de Universidades, por esta razón cómpre non insistir máis sobre o asunto. En todo caso, a Sra. Vicerreitora ve necesario aclarar algunhas cousas, a primeira das cales alude a que non é verdade que por transformar títulos existentes se teña que conservar a mesma denominación, pois non se fixo noutros graos da nosa universidade nin nos graos doutras universidades galegas, sempre sobre a base de que o que hai que manter son contidos, mais non a denominación. Igualmente, indica que os nomes están baseados en documentos manexados polos diversos centros (libros brancos, conferencias de directores, fichas que se van publicar), que están sendo enviados para a verificación por tales centros con esas denominacións e que



a Universidade da Coruña, que participa activamente en reunións con representantes da Mariña Mercante, do Ministerio de Educación e do Ministerio de Fomento, quere respectar os acordos adoptados nas reunións en que participa. Tamén sostén que todo está claro no propio documento do grao na súa primeira páxina e que é indiscutible a profesión para a que se habilita o estudantado (Oficial de Máquinas de 1.^a clase da Mariña Mercante, Oficial de Máquinas de 2.^a clase da Mariña Mercante e Piloto de 1.^a clase da Mariña Mercante, Piloto de 2.^a clase da Mariña Mercante). Remata este punto sinalando que nas alegacións aparecen outras consideracións que corresponden á ANECA, quen fará a súa propia valoración, mais o precedente que existe nesta universidade é que a ANECA emitiu un informe favorable na verificación do Mestrado en Enxeñaría Marítima recentemente e non obrigou a cambiar a súa denominación como si fixo con outros mestrados, e un mestrado que se imparte na Escola Superior de Náutica e Máquinas.

A respecto das competencias, a Sra. Vicerreitora sinala que nas alegacións se están confundindo constantemente competencias que os alumnos adquiren ao superar o grao, en que se indican a súa formación, destrezas e habilidades, con competencias profesionais, que é algo frecuente desde que apareceron os títulos de grao que habilitan para certas profesións cuxa regulación non depende do Ministerio de Educación nin das universidades, dado que coa adaptación ao espazo europeo de educación superior non cambiaron nin unha coma as profesións reguladas. No noso caso, estanse a adaptar os títulos ao novo modelo de ensinanzas, indicándose nas primeiras páxinas do documento de grao as profesións para as que habilita, que son claramente diferentes as que se imparten no campus de Ferrol, das que se imparten no campus da Coruña, que son titulacións únicas no SUG, ese é un valor engadido para UDC. Ademais, sinala que en ningún sitio se fala de que un grao teña que ter unhas competencias académicas únicas para ese grao, pola contra, sinala que é sabido, e así aparece en todas as memorias de grao, que os títulos dunha rama de coñecemento deben ter competencias comúns e dentro dunha rama con máis razón os máis próximos, tanto é así que nalgúns comunidades autónomas é obrigado que os títulos dunha mesma rama teñan dous cursos comúns, se é así necesariamente han de ter competencias comúns, por esta razón non existe exclusividade. Nos documentos referentes da ANECA, para a avaliación na verificación dos títulos de grao, indícase que as competencias específicas asociadas á formación obrigatoria nun título inclúen como máximo ata un 60% de competencias equivalentes ás recollidas noutras titulacións da mesma



universidade. Por outra banda, sinala a Sra. Vicerreitora, hai algunhas competencias que se poderían incluír en calquera grao e cita o caso das alegacións á competencia «A24: Avaluación cuantitativa e cualitativa de datos, así como a representación e interpretación matemática de resultados obtidos experimentalmente», que podería estar incorporado con toda lóxica en calquera grao de Humanidades, Xurídico Social, Ciencias da Saúde e Ciencias Experimentais. Remata a súa intervención concluíndo que non hai exclusividade nas competencias, que é lóxica a presenza de competencias comúns nas ramas, que non son atribucións profesionais, insistindo que isto debería quedar claro no ámbito universitario, con independencia da interpretación que lles dan aos colexios profesionais, que por suposto teñen dereito a opinar, aínda que non sempre realizan unha lectura acertada deste proceso, provocando certa confusión.

Toma a palabra o Sr. Casabella López, quen logo de botar en falta nesta proposta un acordo no ámbito concreto da Universidade da Coruña amosa o seu interese polo título de Grao en Arquitectura Naval, que se vai impartir en Ferrol. En resposta a Sra. Vicerreitora dálle a información solicitada e indícalle ademais que se trata dun tema xa tratado e aprobado en distintas institucións con competencias na materia, concretamente o Consello de Goberno, o Consello Social e o Consello Galego de Universidades.

Toma a palabra o Sr. Delgado Martín, quen sinala que o tema da denominación xa foi tratado e aprobado no seu día por este Consello de Goberno, aínda que, logo da intervención do Sr. González López, poderíase cambiar de opinión. En todo caso, o tema da denominación está aprobado, pero debería servir para reflexionar, non só desde o punto de vista legal sobre as súas implicacións, especialmente en relación co efecto chamada que unha denominación pode ter sobre o estudantado e as confusións que isto pode xerar. Remata a súa intervención sinalando tamén que botou en falta máis tempo para formar a súa opinión neste caso concreto, razón pola que decide absterse nestas propostas de graos. O Sr. Portela Fernández igualmente anuncia que se vai abster por considerar que non tivo o tempo suficiente para formar a súa opinión ao respecto. A Sra. Vicerreitora intervén para sinalar que no caso da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas, a diferenza das propostas doutros centros, si se tivo acceso ás alegacións e ás respostas a tales alegacións por considerarse oportuno.

Toma a palabra o Sr. Baaliña Insua para indicar que o seu centro ten a consideración legal de Escola Técnica, que a denominación de enxeñeiros



non é algo específico nin da Universidade da Coruña nin das outras universidades españolas, pois trátase dunha denominación común en toda Europa, citando o caso das titulacións impartidas en países tales como Portugal, Reino Unido e Polonia entre outros moitos. Remata a súa intervención indicando que non hai confusión e que as profesións están claramente diferenciadas.

Toma a palabra a Sra. López Fernández, quen logo de sinalar que forma parte da Comisión do Plano de Estudos, considera que o debate foi sempre sobre a denominación e que as profesións están claramente diferenciadas, dado que unha cousa é a construción de barcos e outra distinta a súa pilotaxe.

Co voto en contra do Sr. González López e coas abstencións dos Sres. Delgado Martín e Portela Fernández, apróbanse as propostas de Grao en Enxeñaría Náutica e Transporte Marítimo e en Enxeñaría Mariña, da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:00 horas.